

Obras breves de imaxinación

Obras gañadoras do Premio de Relatos
Mulleres Progresistas 2007-2011

Soledad Agra Tuñas · Teresa Barberena Fernández ·
María Xosé Castelo Lestón · Mar Guerra Cid ·
Rosa M^a Llorente Suárez · Beatriz Lorenzo López ·
Josefa Esperanza Mandado Estévez · Pilar Ortega Pereiro ·
M^a Cristina Pavón Mauriz · Fátima Peón Torres · Clara do Roxo



BAÍA EDICIÓNS

CONCELLERÍA
DE
IGUALDADE
E XUVENTUDE

ALCALDÍA



Mulleres Progresistas

Prólogo

A participación da muller na actividade cultural hai que deixou de ser minoritaria en comparación coa do home. Como sinala a enquisa de hábitos e prácticas culturais en España 2010-2011 do Ministerio de Cultura, as mulleres lemos máis libros que os homes (o 60,9% das mulleres di ler algún libro no último ano, por un 55,5% os homes) e compramos máis libros ca eles (o 32,2% de nós compramos un polo menos no último ano, polo 25,8% deles). As mulleres, segundo esta mesma enquisa, acudimos máis ao teatro, asistimos en maior número a concertos de música clásica ou a espectáculos de danza, e visitamos, máis cós homes, exposicións ou galerías de arte. Ademais, esta mesma enquisa dinos que as mulleres practicamos, con maior intensidade, actividades artísticas e creativas, como escribir, pintar ou debuxar, e que nos dedicamos, en maior número, a actividades como o teatro, a danza, o baile e calquera outra actividade plástica.

As mulleres, mesmo, non só nos formamos máis, senón que temos mellores resultados cós homes na maior parte das áreas de coñecemento académicas, fundamentalmente nas relacionadas coas ciencias humanas e sociais, nas que están adscritas as disciplinas relacionadas coa arte e a cultura. Seguindo coas enquisas, o alumnado feminino ocupa maioritariamente as aulas (58%) e obtén mellores resultados (o 81% dos premios de fin de carreira son outorgados a mulleres), o que demostra a excelencia da súa capacitación.

Con todo, malia os resultados das enquisas, as mulleres seguimos sen ter unha presenza significativa nas institucións que regulan a Ciencia e a Cultura (universidades, reais academias etc.), estando practicamente ausentes dos espazos decisorios destes organismos.

Así mesmo, no que ao recoñecemento da actividade artística e cultural das mulleres se refire, tanto na promoción de artistas e creadoras como na validación das súas obras e actuacións, asistimos ao paradoxo de que, a pesar de ter unha elevada cualificación, produtividade creativa, participación e alto nivel de consumo cultural, polo xeral, os seus nomes embázanse co anonimato e as súas respectivas realizacións culturais carecen de recoñecemento. E cando, excepcionalmente, teñen presenza, as súas obras adoitan presentarse como “obras menores” ou de segunda categoría. Esta discriminación é palpable e evidente na Literatura.

Entre as firmas de autores máis lidos de España predominan os homes, o que podemos constatar vendo calquera listaxe de vendas. O mesmo ocorre entre os laureados. Aínda que é certo que, este ano, o Premio Cervantes recaeu en Ana María Matute, habería que remontarse dezaioito anos atrás para atopar outra muller premiada, a poetisa cubana Doce María Loynaz. E se miramos á nosa terra, a parte de Rosalía, que recibiu a homenaxe do Día das Letras Galegas en 1963, vemos que só dúas autoras mereceron tal recoñecemento: Francisca Herrera, en 1987, e María Mariño, en 2007. E iso nunha cultura como a nosa que ten como pioneira e máxima figura a unha muller, Rosalía, que hai case 150 anos (cumpríranse en 2013) publicou o seu primeiro libro, *Cantares galegos*.

É dicir, que as mulleres creamos e damos a coñecer a nosa concepción do mundo, da vida, pero temos máis dificultades que os homes para vermos publicadas as nosas obras e para que estas sexan despois valoradas. O crítico literario de *El País*, Manuel Rodríguez

Rivero, preguntábase nun artigo: “Por que se apuntan nos medios tantísimos máis libros de autores que de autoras? E por que a esmagadora maioría dos que asinan esas críticas son homes?”. E o crítico daba algúns datos: en 2010, en *The Times Literary Supplement* publicábanse 1.036 recensións de libros escritos por homes e 341 por mulleres, e en *The New York Review of Books*, foron 306 de homes e 59 mulleres. “Non quero nin pensar –concluía Rodríguez Rivero– o que aquí saíría se alguén fixese o cálculo. Se cadra ruborizábanse ata os señores da Real Academia Española, poño por caso”.

Pero “o rubor” sería máis intenso se se ten en conta a ausencia de nomes de mulleres no Canon literario, esa lista breve, integrada por obras denominadas clásicas, que pasa de xeración en xeración, na que se van incluíndo grupos de autores (Xeración do 98, do 27 etc.) e na que as autoras brillan pola súa ausencia. Autores que gozan dun consolidado prestixio e que, xunto coas súas obras, constitúen un repertorio pechado a partir do cal se establecen criterios, estéticos, éticos e pedagóxicos, que afectan a aprendizaxe da literatura, posto que son os que aparecen nos libros de texto como modelos referenciais, lexitimando a presenza de autores e a ausencia de autoras. Pero non só, xa que a literatura marca o imaxinario social, de tal maneira que se converte en correa de transmisión e lexitimación de valores asociados á masculinidade (valentía, asertividade, dominación,...) e disvalores asociados á feminidade (submisión, obediencia, pasividade,...)

E é que non pode ser doutro xeito pois se, como sinalamos, as institucións académicas e culturais están ocupadas por homes e, como sabemos por experiencia e porque a Historia así o demostra, os homes non están dispostos a renunciar os seus privilexios (que non dereitos) de xénero, e son homes quen establecen os criterios estéticos e culturais para incluír ou excluír nomes propios e títulos no canon, é obvio que as mulleres estean ausentes “da lista” xa que a súa presenza

sería un mecanismo pedagógico para acabar coa discriminación e a desigualdade por razón de sexo.

Así as cousas, é fácil comprender por que as mulleres, aínda cando consomen e producen cultura, teñen moi difícil o acceso á publicación e ao recoñecemento da súa obra.

Por todo iso, é imprescindible que as administracións apoiem as iniciativas que abren espazos de mellora e de igualdade ás mulleres creadoras, como este premio de relatos curtos da Asociación de Mulleres Progresistas de Vigo. Para as mulleres que participen nel, pode ser unha oportunidade para entrar no mundo literario e facer ouvir a súa voz, e para o resto de mulleres e homes, unha forma de que non se perdan, como secularmente vén ocorrendo, as palabras de mulleres que teñen moito que dicir e moito máis que ensinar.

M^a Jesús Lago Rey

(Concelleira de Igualdade do Concello de Vigo)

Presentación

A Asociación Mulleres Progresistas de Vigo, fundada en 1988, ten como obxectivo fundamental a procura da igualdade de oportunidades entre mulleres e homes nos diferentes ámbitos da sociedade, unha meta que xa desde o principio obrigaba a formular diversos proxectos de intervención, traducidos logo en programas como os do Servizo de Atención Domiciliaria á Infancia, o de Alfabetización de Persoas Adultas ou os diversos Cursos de Formación emprendidos ao longo destes anos, como algúns dos exemplos máis relevantes.

Así, no apartado cultural, a Asociación atopárase coa realidade dunha menor participación das mulleres no eido da narrativa galega, con escasa obra publicada e aínda valorada. Fronte a iso, decidiuse crear o Premio de Novela *Mulleres Progresistas*, a partir do cal fomentar a escrita de mulleres. Este Premio tivo seis edicións, a primeira en 1997 e a última en 2005, e dúas das obras premiadas chegaron a ser publicadas por editoriais profesionais: *Tempos agradables*, de Conchi Regueiro, editada por Cumio no ano 2002, e *Caderno de bitácora* de María Reimóndez, editada por Positivas en 2004. Estas autoras desenvolveron con posterioridade as súas respectivas carreiras literarias, co que iso supuxo de motivo de orgullo para a Asociación, quen comprobaba así como a súa aposta se trocaba en realidade contrastada.

Polo ano 2006 decidiuse transformar o certame en Premio de Relatos co propósito de facilitar unha maior participación de escritoras. Considerábase que é precisamente na narrativa curta onde as autoras adoitan iniciarse na escrita e hai unha maior experimentación formal e de temática. Nesta nova modalidade celebráronse catro edicións e recoñecéronse un total de quince relatos entre primeiros, segundos e terceiros premios, finalistas e mencións especiais.

Por fin, e como consecuencia lóxica de toda a traxectoria anterior, realizouse este recompilatorio dos diversos relatos galardoados nestas edicións, pois entendemos como requisito fundamental para o fomento da escrita feminina en lingua galega a produción dun libro onde se dean a coñecer precisamente esas obras que os xurados das distintas edicións destacaron sobre o conxunto das presentadas e, por outra banda, que as autoras teñan a oportunidade de ver publicado o seu propio traballo, xa que se algo parece claro é a ledicia que a plasmación en tinta e papel do resultado da propia imaxinación supón para calquera vocación literaria, á marxe de beneficios ou recoñecementos públicos posibles. Desde a nosa Asociación desexamos que este volume sexa un fito nas respectivas traxectorias creativas destas autoras e que lles sirva tanto de ánimo para futuras producións como para a potenciación da súa faceta creativa.

Para rematar, e dentro do clima de celebración que supón ter todo este traballo resumido no precioso obxecto físico de follas impresas que agora temos entre mans, non podemos esquecer os agradecementos sinceros e sentidos desta Asociación cara a todas aquelas persoas e institucións que isto fixeron posible, non só neste feito concreto senón en toda a traxectoria dos nosos premios literarios. Así, en primeiro lugar, debemos recoñecer o papel clave da Concellería de Igualdade do Concello de Vigo, antes, Concellería de Muller, quen desde o primeiro momento se sumou ao proxecto

subvencionando as diversas convocatorias dos premios e agora a edición deste libro, pero tamén facemos extensible o agradecemento ás persoas que a compoñen, desde o seu persoal, sempre atento e colaborador, ás propias concelleiras que durante estas catro edicións nos acompañaron nesta experiencia literaria: Lucía Molares, Iolanda Veloso e M^a Xesús Lago, así como as que tamén dirixiron e traballaron no Concello no período de convocatoria do Premio de Novela e contribuíron ao fin último dos nosos proxectos, como eran Ana Gandón, María Xosé Porteiro e Maite Fernández, todas elas de diversas siglas políticas pero co compromiso común da igualdade e todas elas sempre dispostas a colaborar no que ao cabo é a celebración da creatividade.

Por suposto, tampouco esquecemos ás propias participantes, fosen ou non premiadas, verdadeiras artífices do mantemento dun proxecto como este, todas elas mulleres de talento e vocación que co seu traballo contribúen a engrandecer a narrativa galega. Outro agradecemento especial é para a Fundación Caixa Galicia e logo Novacaixagalicia, grazas ás que se puido gozar de excelentes espazos de celebración das entregas dos premios, uns premios nos que temos unha gratitude especialmente sentida aos distintos xurados que os fallaron e sen cuxos coñecementos, xenerosidade e dedicación non gozaríamos desta escolma. Falamos de amigas e sabias como Beatriz Suárez Briones, Rosa Díaz Naya, Dolores Vilavedra, Iolanda Zúñiga, Sabela Iñarrea, Ana Carballo Fidalgo, Carmen Panero Menor, Tania Quintás Piñeiro e Pilar Díaz de Bustamante, e tamén das que honraron coas súas valoracións os nosos certames de novela como foron Marilar Aleixandre, Aurora Marco, Cristina Berg, Xela Arias (sempre no noso recordo), Carmen Kruckemberg, Pilar Vázquez Cuesta, Mercedes Pacheco, Milagros Oia Martínez, Silvia Vázquez Lorenzo, María Mejjide Vecino, Marta Fontán Gómez, Luz Pozo Garza, Xohana Torres, Marta Dacosta, María Rei-

mónde, Sabela Pérez González e Montserrat Elisa Martí Gayoso, todas elas ecuánimes e entusiastas da boa literatura, e quen co seu bo facer ao longo destes anos conseguiron encher de personalidade propia estes Premios.

En definitiva, tes nas túas mans o resultado de varios anos de traballo e, sobre todo, de entusiasmo. Desde a Asociación Mulleres Progresistas desexamos que a súa lectura supoña, ao igual que supuxo para nós, o descubrimento de novas voces e novas historias e, canto menos, un chisco dese entusiasmo de todas cantas participamos nesta tarefa.

I Premio de Relatos

Mulleres Progresistas

Presentación das bases: Outubro de 2006

Publicación do fallo do xurado: 8 de marzo de 2007

Mans coma nubes

Rosa María Llorente Suárez

[1º Premio]

Rosa Llorente (Vigo, 1966). En 2006 gañou o primeiro premio de relato de muller no I Certame Literario Eduardo Chao; en 2007 obtivo o primeiro premio no Certame de Relatos Mulleres Progresistas de Vigo, e en 2008 o primeiro premio no Certame de Literatura en lingua galega 150 Aniversario da creación da Facultade de Farmacia da USC. No ano 2006 a editorial Nova Galicia publicou o seu libro de relatos *O son máis lene*. En 2010 publica na colección Tartaruga de Galaxia *Un baño de gargalladas*.

Abrir a ventá

(día 30)

Nun mes, a fin do mundo. E tanto me ten, de verdade. Por min que rebente. E que escache. E que estrale. E, que, lle, dean. Moito. Un enchente. Ata que vomite a cea do fin de ano do ano aquel. Que a min tanto me ten, repito, que eu levo a conta polo calendario chinés e canto na ducha todos os días aquilo de “... *que cuarenta años no es nada que febril la mirada...*”. Canto, é dicir, berro ata esganarme para que escoite a veciña do lado que se ducha á mesma hora ca min, e que anda polos sesenta e nove e non ten estrofa de tango que botarse á gorxa nin ganas de estrullar a imaxinación para inventala. Que lle dean a ela tamén. Moito. Que leva amargándome a existencia desde hai dous anos con esas malleiras de zapatilla que lle dá á parede do meu cuarto, co *angelus*, e con ese recendo a verzas con unto que aboia polas fendas da súa porta blindada. Blindada pero con mira. Unha mira coma un mundo. O mesmo que nun mes vai estoupar.

Buuuummm!

Todo esnaquizado. E tanto me ten, tanto me ten, tanto me ten, cántolle a unha cebola espida. Sonche unha muller curtida e independente. Si. Non dependo de nada porque teño un “in” así de grande para pasar polos fociños de todos os misóxinos, unha reata deles, que botan o cu cara adiante cando lles pasa preto unha muller coma min. Pobriños, que non saben que as mans e as linguas femininas serven para algo máis que bordar e latricar e que os bulsos teñen un peto estreito e longo onde

meter, se a unha lle presta, o consolador industrial. Eu xa hai moito tempo que non perdo o tempo mirando para os homes que sacan por fóra da camisa os pelos do peito, provócanme máis os que saben gardalos para ese intre no que me pete enroscar os dedos neles. É o que hai.

Síntome malvada, hoxe, deber ser porque sempre o fun e agora que a fin do mundo esta ao caer tanto me ten perder iso que nunca tiven; a aura de Virxe María, prega por nós pecadores, e rebordo por fóra da cunca para darlle a razón a miña nai, ao meu pai, as miñas irmás, ás tres, ao *teacher* escocés que ladraba en inglés nunha academia tiranizada por un irlandés, a aquel presidente dunha multinacional, a aquela xerente dunha conserveira, a aquel encargado dun almacén de materiais da construción, a aquel delegado, e a aquela avogada..., e por riba de todo, a todos os furafollas que me miraron por riba do ombreiro cando non tiña cartos e que rematei por mandar a tomar polo cu cando os tiven. Porque eu daquela tiña cartos, porque os teño (cando non os gasto), porque son independente, porque son a hostia, porque son pintora, xa que logo muller con dereito á extravagancia, e falo, e vendo.

Incrible, xa sei, pero vendo moito. Entendamos que os adverbios de cantidade nisto da pintura non equivalen a dicir que Federico vendeu moitos chourizos. Moito aquí para algúns pode ser: 1. Pero eu vendo. Ben vendido. Porque son “in” e teño un nome que viste moito nos salóns e nos recibidores dunha panda de babilos que paga por ter a miña sinatura dentro dun marco.

Son moi mala. E vou ter que darlle a razón a aquel crítico de arte que por pouco esgana coa risa cando lle amosei os meus primeiros cadros. E a miña curmá, e a miña tía, e ao querido da miña tía, e á tía da miña curmá que vén sendo muller do que lle fai de consolador a miña tía, que ela tamén consolou ao meu tío, que favor con favor se paga que na miña familia somos todos moi agradecidos. E se cadra tamén lle teño que dar a razón aos misóxinos, e ás misóxinas, que habelas hainas que de todo ten que haber nesta vida senón a linguaxe sería sexista. Se cadra...

Está ben, son do peor. Son un bicho. E xa non me queda outra que darlle a razón á miña veciña, tamén, revírame as tripas, pero doulla, veña doulla, ala doulla, a ver se rebenta co gusto. Si, señora de Manchado, escóiteme tras a súa porta blindada mentres a cocineira lle remexe na perola as verzas con unto, que son moi saborosas, e moi baratas, e dan para aforrar e mercar ese abrigo de pelexo de gato lambido co que baixa ao mercado para pasmar ao froiteiro, escoite; son unha mala muller, unha lercha, unha raposa, unha puta digámolo xa sen andar a darlle máis voltas, e doulle a todo. Fágoo por vicio como di vostede, porque me presta deixarme querer, e aínda por riba gozo e arquexo con escándalo para que me escoite o seu home, que é un santo, e se lle poña parvo e lle dea a noite a vostede, señora de Manchado, que aínda coida que ten que aturar porque é deber de esposa, e pechar os ollos, e premer os puños, e facer por non gozar que é pecado mortal.

Doulle a razón a todos. Son unha besta. Unha muller desas que pensan e fan o que pensan. Unha besta perigosa, desas,

que poden ser tan duras coma o aceiro ou coma a xelatina. Unha besta de verdade. Desas. Que levan máis da metade da súa vida tirando das costas moreas de lixo. E aínda non rematei. Nun mes estoupa o mundo e vou ter que recompoñelo guste ou non guste. Comeza a cuarta cisma...

A postura do pardal

(día 26)

Onde estarán aqueles debuxos feitos con pinturas *Alpino* cos que enzoufaba as paredes da miña casa? Triturados e dixeridos para reencher o burato enorme no que edificaron o complexo residencial, seguro. Alí crían vermes, ao carón dos cascallos de todo o barrio antigo, rúa pechada, camiño sen saída. Todo soterrado. Esmagado. E toda esa xente pisando por riba. Homes sen barba, mulleres sen tubos, nenos sen mocos. E eu, por riba de quen estou pisando?

Porque piso. Non quero. Pero fágoo porque hai que medrar e fuxir das lembranzas amables coas que a nenez nos anestesia de tanta inxustiza. Mocos. Moitos mocos sorbidos na rúa, e lambidos tamén ás veces porque as mans estaban cheas de lama, e o moco e a lama non mesturan ben. O cuspe si, vai con todo, levo toda a miña vida cuspendo e aínda non atopei nada co que non casara. Cuspía dende a ventá para ver como chovía, e de paso facer diana nalgunha caluga tesa. Cuspía cuspe cicatrizante nos meus xeonllos, e nos meus cóbados, e na faciana dalgún amigo traidor. Cuspía veneno no chan do

meu cuarto, onde non me vían os maiores, e volvía cuspir. Mesturaba o cuspe con goma de mascar sabor amorodo ácido. Cos nosopais. Co corpo de Cristo. Coas bágoas. Cos bicos. Cos sexos. Os dous. E cuspín bile. E tragueina. E decidín que o cuspe non se debe tragar. E agora cúspolle ao mundo enteiro en centos de lenzos que sei que vou vender, e todos eses contra os que nunca puiden cuspir terán enmarcada a miña bile por unha morea de euros, e gabaranse, e eu cuspirei cuspirei cuspirei cuspirei, nas meniñas de todos eles mentres me rebozo nos seus billetes rindo ás gargalladas porque patrocinan os meus cuspes como se fosen chuveiras de maná.

Imbéciles.

Esta rúa ten saída. É unha rúa con paseo no medio e árbores que teiman en fochicar coas polas nas ventás dos sufridos propietarios dos primeiros. É unha vía de oito carrís. É un colon polo que desaugan todos os días milleiros de babilos hipotecados ata os pelos do nariz, correndo a fume de carozo, coas nádegas ben pretas no asento do coche mentres fitan de esguello para o reloxo dixital do cadro de instrumentos. Eu tamén fito para eles dende o meu sexto piso, sexto C, e despois pinto, digo cuspo, logo esputo, e entón vomito, toda a xenreira que eles non poden tragar para venderlla aos que lles premen na barriga, todos os días, oito horas, que ás veces son dez, e outras son doce, porque teño alma de sindicalista anarquista bakunista e devezco por ver como lles estoupan as retinas e os petos diante do esterco que eles fixeron fermentar.

Esta rúa ten todas as saídas porque ten todas as entradas. Está chea de cruces, de pasos de peóns e de semáforos de

bonequiño verde e bonequiño vermello, que nas noites de lúa chea xuntan baixo os buxos para palpase entre as pernas e procrear bonecos laranxas que teñan tetas. Levan décadas tentándoo. Inocentes. Porque aínda non se decataron de que non teñen con que, digo eu... non sei... igual baixo esas fundas rechamantes están moi ben dotados, e entón o que pasa é que están esterilizados. Que putada!, está visto que aquí non se salva ninguén do ollo que todo o goberna e todo o ve. Cuspe para el.

Esta rúa non e rúa, é unha avenida. Unha pasta por metro cadrado. A verdade é que non sei que pinto eu aquí, rodeada dunha recua de *vips* que fan entrar ás asistentas pola porta de servizo, e que mercan os mobles que lles espeta un decorador.

Eu pinto o que pinto.

Pinto. Pinto.

Paso as horas tentando dar co número áureo que encha os meus lenzos de beleza. Perfecta. Beleza. Asasina. Son un topo da resistencia que asexo os seus movementos para saber como non me debo mover. Unha pasta por metro cadrado. Pero todos estes metros cadrados do sexto C non me custaron nin un pataco, nin me doen, nin me rillan, nin me provocan colocarlle cortinas. Non é meu. Nin o quero. Non creo na propiedade privada, prefiro fundir os cartos en valores cunha caducidade semellante á dos iogures.

Eu estou aquí de prestado porque teño un mecenas, o meu curmán, o fillo da miña tía, que casou con quen casou por

despeito cando lle dixen que tiña os beizos escorregados, e que coida que así, a falta de outras cousas, acadará que lle dedique a miña obra mestra. Sempre ten que haber un pasmón que se tome en serio aos artistas, sempre. E mira que lles gusta que sexamos extravagantes e promiscuos e anacrónicos e caprichosos e escandalosos e raros. Sobre todo raros e maleducados e etéreos a poder ser. Eu niso de ser etérea doulle gusto ao meu. Coitado. Que me custa quedar como suspendida no aire, trasposta pola inspiración súbita que me provoca a luz dunha mañá de primavera?, nada, nadiña me custa porque a faciana de levitar me sae de xeito natural cando me aburro, e a min esta xentiña resabida e xenerosa que só pide un recuncho na eternidade pagando a suor dos demais, privame. É un capricho que me consinto, ese de ter alguén que me forneza co que non preciso, unha medida hixiénica contra o excesivo desapego. Co meu curmán non corro riscos, é dese tipo de persoas que, aínda que teimen toda unha vida (e el xa teimou moito), nunca me van poder ferir.

Esta rúa é unha merda. Por moito que cuspa non sei se o cuspe chega ao chan.

O arqueiro

(día 23)

Nun mes remata o mundo. E eu aquí sen ter a quen botarlle a culpa. Porque miña nai é inocente, coido, daquela non vendían gomas nas gasoleiras nin pílulas nos estancos nin lavados de útero na tenda de Fermín. Había que ir un pouco máis

lonxe ou ter contactos ou cartos ou nome ou un cadelo con pedigree deses que suspiran moi fino mentres che empreñan. Loado sexa o Señor!, que diría a señora de Manchado, xa de quedar preñada que sexa no medio dun rebumbio de gozo, con incontinencia de pracer e con exceso de suores e de lingua e de aaaaah!, ooooh! e palabras que fan saltar chispas enriba ou debaixo do colchón ou sexa onde sexa pero que prenda e queime e arda e estoupe mmmmm;, que diría eu.

A lercha do sexto C. Que nestes intres da súa vida, a un mes da fin do mundo, ten que botar man da man, destra man, ou do bulso e sacar ese aparello tan cilíndrico e servizal para que os cadros non me queden xeniais de máis. O exceso de xenio é moi escravo, non hai que deixarse enganar, cando a un lle sae unha cousa boa, pero boa, desas boas boas boas, o mellor que se pode facer e rachar con ela e tirala ao lixo para non ter aquela arroutada sempre diante e comparar comparar, para ficar sempre insatisfeita de todo ata o infinito e deberer coa envexa daquel deus que acadamos ser un día, por casualidade non nos enganemos, e rematemos repetindo unha e outra vez a caricatura do que nunca máis vai poder ser. É por iso que boto man da man ou do que teña a man, a falta de quen. O xaxún esperta o xenio.

A miña nai non ten a culpa. Punto. E o meu pai, ten culpa o meu pai?, supoño que a mesma que miña nai pero por se acaso deixo a cousa en puntos suspensivos... que eu non estaba alí mirando. Nin mo imaxino. Nin quero. O meu pai!, ese home tan serio e formal, empregado dunha aseguradora, sempre co pelo lambido de brillantina raia ao lado garabata

discreta zapato negro ombreiro resignado sorriso diplomático apolítico e republmonárquico. E a filla que lle dá a todo. E el que fita para outro lado. E as miñas irmás que calan. E a miña nai que mira para todos e toma pílulas contra o mareo para manter a paz... Son unha ameba, reproducíome a min mesma, toda a culpa é miña por ter tan bo apetito e petiscar de todo o que hai. Unha ameba, xa quixeran eles, pero teño unha focha no queixo xarada a esa que ten meu pai, saín republmonárquica. Síntoo papá.

Claro, que, tamén podería cargarlle o morto a Franco, ou a un virus que collín naquel colexio de monxas no que me provocaron confusión con tanto meco as agachadas e andar collidas do brazo entre misa e rosario. Tanto monta monta tanto, as monxas como Franco. Daquela teimábase moito en que os homes eran o mesmísimo Lucifer, sempre lascivos e malsáns, uns suxeitos con apetitos incontrolados que corrían detrás de nós (febles pombiñas inocentes), na procura dun tesouro misterioso que debiamos defender coma a lexión de Xoanas de Arco que eramos. Mais nós ben que viamos o parvas que se puñan elas diante dos pais dalgunhas das pombiñas, e as festas que lle facían ao crego cando as comuñóns. Por outra banda, o Caudillo era home (xa que logo “ser lascivo”), tiña un ton de voz moito máis agudo que Sor Antonia, mandaba moito, e semellaba que a todo o mundo lle parecía ben. Así son as cousas, entre uns e outros pónenche o caramelo a tiro de beizos e unha ten que probar, a ver, se bican mellor no ceo ou no inferno.

Unha dúbida existencial...

Mesmo o Fillo a tivo no seu día....

E non pasa nada...

Só o crucificaron un chisco...

Como a min...

Que aquí estou...

Resucitada...

De momento.

O sol mais a lúa

(día 18)

Son “in”. Dependente. Son unha muller de hoxe en día que bota unha ollada de esguello ao mes que vén. E que?, digo eu. Un chanzo máis preto da menopausa, vale, adeus *Saldevas* cilindros con fío e compresas con ás!, adeus á teoría histórica dos misóxinos prostáticos!, adeus a todo o que me tomo e a todo o que me meto cando dou unha volta polo inferno!, adeus ciclos lunares!, adeus marusías e resacas!, adeus para sempre adeus!

Daquela, el, era “im”. Potente. Hoxe, el, sería unha simple disfunción eréctil. Daquela os vasodilatadores daba vergoña usalos, aí. Hoxe bótanse ata nos dentes. Daquela aí significaba na cousa. Hoxe significa pene. Daquela a cousa era “o teu”. Hoxe “o teu” é o que mercas. Daquela non existía o

paraíso azul. Hoxe o paraíso, para el, está no Caribe ao carón dunha mulata que coída que o paraíso está en Vigo, capital de provincia, capital de Galicia, capital de España, capital de Europa. Daquela era mentira. Hoxe os vasodilatadores bótanse ata nos dentes. E ninguén se decata que os paraísos xa hai tempo que deixaron de existir.

Foi un bo amante, el, mesturaba todo o que me presta. Que é todo. Síntoo papá. Síntoo, señora de Manchado. Síntoo Franco. Síntoo Sor Antonia. Tiña o peito forte e peludo, el, non me gustan os que exhiben os seus pelos máis tampouco os homes depilados, non lle vexo a graza, eu, que gozo cos tactos diferentes dos diferentes corpos, e tiña, el, a voz rouca... que lle vou facer que-lle-vou-facer quellevoufacer!, gústanme os sons graves que me fan cóxegas por dentro. O oído e un dos meus puntos G. Pero teño máis. É o bo que ten deixarse investigar sen pudor por anxos e demos. Un de cada vez. Vale? Eu cando me “NAMORO” son moi fiel e exclusiva, non me gusta nada esa sensación de ir no autobús coma unha sardiña e sentir apalpadelas aquí e alá. Non. Xa catei, e non. El concentrábase en min. E tiña, el, o tacto lento do que pode agardar unha eternidade e o maxín do que ten que buscar o que non se ve. Sabía, era un sabio que argallaba milleiros de gozos sen penetración. E eu gozaba para que gozase el. E el gozaba, e eu tamén. Agora, cousa dos tempos, el gozará con moita máis présa e menos maxia. Adeus adeus adeus!

Era moura, ela, case todas as que lembro o son. A memoria é algo curioso e impreciso que hai que aprender a respectar. Eu xa hai moito que deixei de forzar os meus miolos na

procura de nomes, corpos, frases, silencios, nin calquera outro dato que non xurda só da mente. Quen, ou que, chegue a esa mercé é porque prendeu dalgún xeito nalgún recuncho gasoso da miña consciencia, ou inconsciencia, ou prego da pel, ou prego dos beizos. Hoxe, a menos dun mes da fin do mundo, son quen de non lembrar a maioría dos nomes célebres que me fixeron tatuar no cerebro. Duro traballo, abofé, isto de des-aprender e esquecer e sanear o disco duro para ter a sensibilidade ao cento por cento. A ela, lémbroa. Moura. Porque, eu, quedaba enguedellada nos seus ollos e nas súas pernas e no seu pube, mouro, abraiada por ter sido quen de acadar a doazón do seu corpo para que, eu, o AMASE. Fíxome morrer de AMOR. E despois marchou, antes de que tivese tempo de aborrecela. Puro limón. Non quero lembrala. Nata con recendo a mel de café. O sabor do seu sexo. O padal que busco en todas as mouras que fago arquexar para que sufra a señora de Manchado.

Stop!... Falei de AMOR?...

...

A el, desexeino. Tamén o lembro, a el, a aquel home eléctrico do que nunca souben nada. E mergullei no inferno ata que quecín. Quecíamos. Os dous. Non falabamos. Só fodíamos e suabamos e trababamos e comiámonos e bebiámonos ata ficar fartos e esgotados de tanta pel. El era pel e pene. Eu era pel e vaxina. Non había ollos, só fricción penetración e linguas aventas que devecían de desesperación ata que lles chegaba a vez. Desesperación. Esa é a palabra. Sempre na procura do cume, el e mais eu a piques de chegar, crendo que

chegamos, mesmo chegando, para achar o baleiro do cantil no bordo da cama. Alí remataba o noso mundo en canto un de nós puña o pé no chan e collía as roupas. Nunca souben que foi o que buscábamos o un no outro, ou o un en cada un, só sei que un día rematou a tolemia e fitámonos por primeira vez, catatónicos, como se fôsemos dous meniños aos que lles tivesen esnaquizado o *Scalextric*. El marchou. Eu tamén. E a pregunta ficou aboiando enriba das sabanas engurradas onde tentamos responder por derradeira vez a unha pregunta esvaradía. Vodka. Gustáballe a vodka, iso sei porque foi o único que compartimos do mesmo vaso unha noite calquera. Brindo por aquel inferno. Saúde! *Budmo! Hey! Hey! Hey!*

Ela morría por min. Pero era rubia. Coido. Ou se cadra non era mouroa dabondo para facerme tolear. Eles tamén me gustan mouros. Teima de loura case albina chea de pencas que pode contar a simple vista as veas que algún día han virar en varices. Noxentas. A ela non sei se a lembro ou a fabrico, tanta devoción na memoria faime dudar da miña sinceridade. Pero aínda así, gústame ter ese recordo doce de bicos na fronte cando cría, ela, que eu, estaba durmida, máis os clax!, clax!, cos que me espertaba os domingos ao quitarse as luvas de goma na cociña para achegarse ata o cuarto en bragas e mandil. Era, ela, desconcertante para min, nunca souben se xogaba as casiñas comigo ou se só se adestraba para despois. Despois, un tempo despois, vira amarrada a un roxo que podía ser norteamericano, paseando unha barriga inmensa que lle saía do corpo coma un engadido de plastilina a un fideo. Semellaba leda. Lembro. Coido. E aledeime por ela. Se non lembro mal.